

A ORIXE DO SÉCULO XXI

TRANSFORMACIÓN DA IMAXE
E DO CINEMA CONTEMPORÁNEOS
(1990-2010)
CURSO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

28 outubro 2015 - 11 maio 2016

Horario: mércores de 19:00 a 20:30 h

A chegada do século XXI non só non supuxo a enésima *morte do cinema* senón que inaugurou a última (polo de agora) das súas moitas vidas. Unha nova etapa de apaixonantes transformacións non só tecnolóxicas (cinema dixital, 3D, distribución por Internet...) senón tamén xeográficas (eclosión de Asia, da América latina ou dos países do Leste), de cambios no propio estatuto das imaxes (imaxe dixital fronte a imaxe fílmica) ou na súa imparable expansión cara a outras pantallas (computadores ou dispositivos portátiles pero tamén museos ou galerías de arte).

Este curso propón un amplo percorrido polo cambiante mundo da imaxe e do cinema das dúas últimas décadas —nas que o cinematógrafo, ademais, cumpriu os seus primeiros cen anos— e as súas transformacións estéticas, narrativas, tecnolóxicas ou políticas. E faíno sen perder de vista nin a súa historia nin os seus referentes: do cinema clásico á modernidade pasando polo Novo Hollywood dos anos setenta ou o cinema experimental; e sen pecharse a unha concepción máis ampla da imaxe en movemento, incorporando as series de televisión, a videoarte, o videoclip ou Internet como formas (ou medios) equiparables na iconosfera contemporánea. Tratarase de ofrecer unha perspectiva o máis ampla e amena posible combinando sesións transversais con outras monográficas dedicadas a destacados cineastas (Abbas Kiarostami, David Lynch, Wong Kar-wai, Hou Hsiao-hsien, Michael Mann, Takeshi Kitano ou David Fincher) e en todas elas será primordial o uso de proxeccións de escenas e a análise de películas representativas das vibrantes transformacións destas dúas décadas.

PROGRAMA

28 outubro	A orixe de todos os séculos: unha (posible) introdución a dúas décadas convulsas
4 novembro	O camiño interior: <i>O club da loita</i> e a herdanza romántica
11 novembro	Estradas perdidas da mente: as películas-quebracabezas de David Lynch
18 novembro	(Neo)realismo: Abbas Kiarostami e a <i>nova onda</i> iraniana
25 novembro	Deflacións narrativas: cara a un cinema mínimo do silencio e a soidade
9 decembro	Asia I. Takeshi Kitano e Naomi Kawase: escrituras do baleiro
16 decembro	Do haluro de prata ao píxel: a senda dixital do cinema contemporáneo
13 xaneiro	Grávao todo! Novas pantallas, novas narrativas
20 xaneiro	Os ollos sen rostro: o esvaecemento do corpo do actor no cinema contemporáneo
27 xaneiro	Formas da non ficción: do cinema documental ao cinema-ensaio
3 febreiro	O cinema dentro do cinema (e a televisión dentro da televisión)



David Lynch: *Mulholland Drive*, 2001 [fotograma]

La llegada del siglo XXI no solo no ha supuesto la enésima *muerte del cine* sino que ha inaugurado la última (por ahora) de sus muchas vidas. Una nueva etapa de apasionantes transformaciones no solo tecnológicas (cine digital, 3D, distribución por Internet...) sino también geográficas (eclosión de Asia, Latinoamérica o de los países del Este), de cambios en el propio estatuto de las imágenes (imagen digital frente a imagen fílmica) o en su imparable expansión hacia otras pantallas (ordenadores o dispositivos portátiles pero también museos o galerías de arte).

Este curso propone un amplio recorrido por el cambiante mundo de la imagen y del cine de las dos últimas décadas —en las que el cinematógrafo, además, cumplió sus primeros cien años— y sus transformaciones estéticas, narrativas, tecnológicas o políticas. Y lo hace sin perder de vista ni su historia ni sus referentes: del cine clásico a la modernidad pasando por el Nuevo Hollywood de los setenta o el cine experimental; y sin cerrarse a una concepción más amplia de la imagen en movimiento, incorporando las series de televisión, el videoarte, el videoclip o Internet como formas (o medios) equiparables en la iconosfera contemporánea. Se tratará de ofrecer una perspectiva lo más amplia y amena posible combinando sesiones transversales con otras monográficas dedicadas a destacados cineastas (Abbas Kiarostami, David Lynch, Wong Kar-wai, Hou Hsiao-hsien, Michael Mann, Takeshi Kitano o David Fincher) y en todas ellas será primordial el uso de proyecciones de escenas y el análisis de películas representativas de las vibrantes transformaciones de estas dos décadas.

PROGRAMA

28 octubre	El origen de todos los siglos: una (posible) introducción a dos décadas convulsas
4 noviembre	El camino interior: <i>El club de la lucha</i> y la herencia romántica
11 noviembre	Carreteras perdidas de la mente: las películas-puzzle de David Lynch
18 noviembre	(Neo)realismo: Abbas Kiarostami y la <i>nueva ola</i> iraní
25 noviembre	Deflaciones narrativas: hacia un cine mínimo del silencio y la soledad
9 diciembre	Asia I. Takeshi Kitano y Naomi Kawase: escrituras del vacío
16 diciembre	Del haluro de plata al píxel: la senda digital del cine contemporáneo
13 enero	¡Grábalo todo! Nuevas pantallas, nuevas narrativas
20 enero	Los ojos sin rostro: el desvanecimiento del cuerpo del actor en el cine contemporáneo
27 enero	Formas de la no ficción: del cine documental al cine-ensayo
3 febrero	El cine dentro del cine (y la televisión dentro de la televisión)

10 febreiro Imaxes da ausencia, ausencia de imaxes: cinema e holocausto
 17 febreiro Asia II. Hou Hsiao-hsien e Wong Kar-wai: formas da melancolía
 24 febreiro Cinema e museo: dúas marxes da imaxe contemporánea
 2 marzo Steve McQueen e os abismos do corpo
 16 marzo *It's a COPY and it's RIGHT*: reapropiacións e remix
 30 marzo USA XXI: a xeración norteamericana do cambio de século
 6 abril Do crepúsculo á aurora: o western contemporáneo
 13 abril Centauros da cidade: Michael Mann e o *neothriller*
 20 abril "Todo está no xogo": *The Wire* e a serialidade televisiva
 27 abril Adeus ás risas enlatadas: a comedia televisiva ábrese ao real
 4 maio Fantasías animadas de onte e hoxe: de Max Fleischer a Jan Svankmajer
 11 maio Cando o director (de videoclips) era a estrela: Spike Jonze, Michel Gondry e Chris Cunningham

10 febreiro Imágenes de la ausencia, ausencia de imágenes: cine y holocausto
 17 febreiro Asia II. Hou Hsiao-hsien y Wong Kar-wai: formas de la melancolía
 24 febreiro Cine y museo: dos orillas de la imagen contemporánea
 2 marzo Steve McQueen y los abismos del cuerpo
 16 marzo *It's a COPY and it's RIGHT*: reapropiaciones y remixes
 30 marzo USA XXI: la generación norteamericana del cambio de siglo
 6 abril Del crepúsculo a la aurora: el western contemporáneo
 13 abril Centauros de la ciudad: Michael Mann y el *neothriller*
 20 abril "Todo está en el juego": *The Wire* y la serialidad televisiva
 27 abril Adiós a las risas enlatadas: la comedia televisiva se abre a lo real
 4 mayo Fantasías animadas de ayer y hoy: de Max Fleischer a Jan Svankmajer
 11 mayo Cuando el director (de videoclips) era la estrella: Spike Jonze, Michel Gondry y Chris Cunningham

JOSÉ MANUEL LÓPEZ (Vigo, 1974) é licenciado en Publicidade e Relacións Públicas e doutorando en Comunicación pola Universidade de Santiago. En 2004 funda a revista en liña de cinema *Tren de sombras* e actualmente forma parte do consello de redacción da revista *Caimán Cuadernos de Cine* (anteriormente coñecida como *Cahiers du cinéma. España*). En 2011 e 2012 traballou como dialoguista na cuarta e quinta tempadas de *Matalobos*, serie de ficción que a produtora Voz Audiovisual desenvolveu para Televisión de Galicia. Colabora desde 2012 co MARCO de Vigo e desde 2014 co CGAC de Santiago como docente de cursos de cinema e participou en seminarios e impartiu charlas en diferentes lugares de España. En 2008 editou o libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral* para o Festival Internacional de Cine de Las Palmas de Gran Canaria. Participou ademais en publicacións colectivas como *La Risa Oblicua. Tangentes, paralelismos e interseccións entre documental y humor* (Documenta Madrid), *Elegías íntimas. El cine visto por los cineastas* (Documenta Madrid), *Un extraño entre nosotros. Las aventuras y utopías de José Luis Borau* (Filmoteca de Extremadura) ou *Paul Schrader. El cineasta frente a los tiempos* (Seminci. Festival de Cine de Valladolid). Colabora tamén noutras revistas especializadas como *Secuencias, Transit, Blogs&Docs* ou *Nosferatu* e con editoras de DVD como *Intermedio* ou *Cameo*.

JOSÉ MANUEL LÓPEZ (Vigo, 1974) es licenciado en Publicidad y Relaciones Públicas y doctorando en Comunicación por la Universidad de Santiago. En 2004 funda la revista online de cine *Tren de sombras* y actualmente forma parte del consejo de redacción de la revista *Caimán Cuadernos de Cine* (anteriormente conocida como *Cahiers du cinéma. España*). En 2011 y 2012 trabajó como dialoguista en la cuarta y quinta temporadas de *Matalobos*, serie de ficción que la productora Voz Audiovisual desarrolló para Televisión de Galicia. Colabora desde 2012 con el MARCO de Vigo y desde 2014 con el CGAC de Santiago como docente de cursos de cine y ha participado en seminarios e impartido charlas en diferentes lugares de España. En 2008 editó el libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral* para el Festival Internacional de Cine de Las Palmas de Gran Canaria. Participó además en publicaciones colectivas como *La Risa Oblicua. Tangentes, paralelismos e intersecciones entre documental y humor* (Documenta Madrid), *Elegías íntimas. El cine visto por los cineastas* (Documenta Madrid), *Un extraño entre nosotros. Las aventuras y utopías de José Luis Borau* (Filmoteca de Extremadura) o *Paul Schrader. El cineasta frente a los tiempos* (Seminci. Festival de Cine de Valladolid). Colabora también en otras revistas especializadas como *Secuencias, Transit, Blogs&Docs* o *Nosferatu* y con editoras de DVD como *Intermedio* o *Cameo*.

DIRECCIÓN: José Manuel López

COORDINACIÓN: Virginia Villar

DESTINATARIOS: Profesores, estudantes e todas as persoas interesadas no tema proposto.

PRAZAS: 250

INSCRIPCIÓN: O prazo de inscrición estará aberto desde o 24 de setembro até o 28 de outubro de 2015.

As persoas interesadas poden inscribirse enviando un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.es no que deben indicar o seu nome completo, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto.

Unha vez aceptada a solicitude, informarase as persoas inscritas sobre como realizar o pagamento.

MATRÍCULA: 80 €/ Prezo para socios do Cineclub Compostela: 65 €

CERTIFICACIÓN: Está a tramitarse a solicitude dun crédito universitario para o alumnado matriculado en calquera título de grao da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o recoñecemento como formación permanente do profesorado (34 horas) pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

No caso de que sexan concedidos, as persoas interesadas en obter o crédito e o certificado de aproveitamento do curso deberán asistir, como mínimo, ao 85% das sesións.

DIRECCIÓN: José Manuel López

COORDINACIÓN: Virginia Villar

DESTINATARIOS: Profesores, estudantes e todas as persoas interesadas en el tema propuesto.

PLAZAS: 250

INSCRIPCIÓN: El plazo de inscripción estará abierto desde el 24 de septiembre hasta el 28 de octubre de 2015.

Las personas interesadas pueden inscribirse enviando un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.es en el que deben indicar su nombre completo, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto.

Una vez aceptada la solicitud, se informará a las personas inscritas sobre cómo realizar el pago.

MATRÍCULA: 80 €/ Precio para socios de Cineclub Compostela: 65 €

CERTIFICACIÓN: Se está tramitando la solicitud de un crédito universitario para el alumnado matriculado en cualquier título de grado de la Universidad de Santiago de Compostela (USC) y el reconocimiento como formación permanente del profesorado (34 horas) por la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria.

En el caso de que sean concedidos, las personas interesadas en obtener el crédito y el certificado de aprovechamiento del curso deberán asistir, como mínimo, al 85% de las sesiones.



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/19 / cgac.educacion@xunta.es

Colaboran:

cineclub de compostela



XUNTA DE GALICIA